

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE MAIO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de maio de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de maio de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN”**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio de 2025, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E

ELEMENTO DE CUBRICIÓN EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 29 de maio de 2025.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 135.108,75 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

### ***3.- APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DE PRAZAS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2025-2026***

Por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acórdase que entre os días 2 e 20 de xuño do corrente, ambos inclusive, figure aberto o prazo de presentación de solicitudes de prazas no Punto de Atención á Infancia

(PAI) para o vindeiro curso 2025-2026, de conformidade co previsto no artigo 9 e concordantes do Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Rodeiro.

#### ***4.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIAS DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA***

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Virgilio Olegario García Fente.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 28/05/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acuerda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: Virgilio Olegario García Fente

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar dos Vilares, parroquia de Guillar

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 3,36 €/hora

#### ***5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Esperanza Silva González, traballadora laboral fixado Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce das vacacións pendentes do ano 2024 que non puido gozar por estar daquela en situación de baixa laboral por

incapacidade temporal (IT). Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA DEMETRIA ROGEL SA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 31 de maio e 15 de xuño de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Esperanza Silva González.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## **6.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2025**

No Boletín Oficial da Provincia núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2025, publicáronse as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025.

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 13 de xaneiro de 2025, solicitouse unha subvención por importe de CENTO VINTE E DOUS MIL SETECENTOS UN EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (122.701,25 €) con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do dito Plan, con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as.

A Deputación Provincial, por acordo da súa Xunta de Goberno adoptado en data 24/01/25, concedeu a axuda solicitada (expediente núm. ██████████).

O interese público demanda instar da Deputación a modificación parcial da solicitude inicialmente formulada no sentido de suprimir un dos postos de traballo previstos na categoría de peón, motivada en que a Xunta de Galicia vén de concedernos tres postos de traballo da mesma categoría con cargo á subvención do Aprox Rural, polo que o Concello ten xa satisfeitas as necesidades de persoal nese eido. Coa cantidade sobrante pola dita supresión, máis a minoración da cantidade subvencionada para o posto de educadora social, que iniciou os servizos en data posterior da inicialmente prevista, preténdese prorrogar a contratación do posto de traballo de traballadora social ata finais do ano, por mor da actual situación deficitaria en medios humanos que padece o Departamento municipal de Servizos Sociais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial a modificación do acordo de concesión de subvención con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2025 – do Plan Máis Provincia 2025, axustándoo ao mesmo importe da subvención concedida, con destino ao financiamento da contratación de once (11) traballadores/as desempregados/as, cos seguintes perfís profesionais:

- ✓ 1 traballador/a social en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de dez (10) meses e seis (6) días.
- ✓ 1 educador/a social en xornada completa (37,5 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e catro (24) días.
- ✓ 2 técnicos/as superiores en educación infantil, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 1 auxiliar administrativo/a, en xornada parcial (20 horas/semana), por un período de nove (9) meses.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses.
- ✓ 2 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de cinco (5) meses e vinte e sete (27) días.
- ✓ 1 peón de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de catro (4) meses

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva modificada denominada *“Memoria global dos servizos Plan Máis Provincia. Liña 3 “Programa de activación do emprego 2025”*.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (325,02 €), sendo este órgano o competente para comprometer a achega.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

## **7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

Vistos o orzamento presentado en data 23/05/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola Alcaldía con data 28/05/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto

do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na redacción de informes respecto do estudo de impacto ambiental do parque eólico “*Agratina*” e a súa infraestrutura de evacuación, analizando a afección sobre o Concello, á sociedade TYSGAL MEDIOAMBIENTE S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Santiago de Compostela, ao prezo de CATRO MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS (4.719,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

## 8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 30,00 €  
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 64,78 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361325FC0003906.
- RODOIL S.L 184,28 € E 116,35 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de abril de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000142 e 2025/254/000144 (FACe).
- SERVIUM SISTEMAS S.L 260,15 € E 417,45 €  
Por traballos de mantemento e reparación de avarías nas calefaccións da Casa do Concello e do Centro Cultural Municipal, s/facturas núm. 2025/70 e 2025/72 (FACe).

- RODOIL S.L. 124,89 €, 131,63 €, 132,69 €, 53,16 € E 108,44 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de abril de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000147, 2025/25/000150, 2025/25/000152, 2025/25/000153 e 2025/25/000154 (FACe).
- RODOIL S.L. 210,61 € E 210,77 €  
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade no mes de abril de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000146 e 2025/25/000151 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 350,90 € E 1.040,60 €  
Por traballos varios de reparacións de avarías na rede de abastecemento e construción de arquetas, s/facturas núm. 2025\_9 e 2025\_10 (FACe).
- DURO E HIJOS S.L. 1.505,16 €  
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 1F25/0815 (FACe).
- RODOIL S.L 5,00 €, 8,81 € E 133,91 €  
Por subministro de combustible e lavado do camión de recollida do lixo no mes de abril de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000145, 2025/25/000148 e 2025/254/000149 (FACe).
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI 53,64 €  
Por abono de dereitos de autor pola representación de “Boa sorte, mala fama”, s/factura núm. 1250270354 (FACe).
- HORMIGONES DEZA S.L.U. 1.040,90 €  
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3/2500207 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

▪ RODOIL S.L. 472,79 €

Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada no mes de abril de 2025, s/factura núm. 2025/25/000143 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)